

## CONCELLO DE NARÓN

SOLICITUDE DE CONCILIAESCOLA

### ANEXO II (S-SOC-01) INFORMACIÓN

Conciliaescola é un obradoiro que se desenvolve no período de vacacións escolares que busca fomentar a conciliación da vida laboral e familiar.

#### Presentación de solicitudes:

A presentación da solicitude implica a aceptación das normas deste procedemento.

As solicitudes que non estean completamente cubertas e/ou non acompañen toda a documentación non serán valoradas.

#### Persoas beneficiarias:

Poderán participar en Conciliaescola, nenos e nenas entre 4 e 12 anos, empadroados/as no Concello de Narón cando traballen os dous membros parentais: pai, nai, custodio/a, ou titor/a, etc. Bastará que reúnan estes requisitos de empadramento e traballo o/a solicitante que sexa familia monoparental ou que teña atribuída a garda e custodia do/a menor por resolución xudicial.

A adxudicación efectuarase por rigorosa orde de inscrición.

Para ser admitido/a será necesario non padecer enfermidade infecto contaxiosa en fase activa nin trastorno de conduta e/ou de comportamento que dificulte a convivencia.

O incumprimento destes requisitos dará lugar á inadmisión da solicitude.


A renuncia á praza que teña adxudicada deberá realizarse por escrito no Rexistro Xeral do Concello de Narón.

#### Quenda:

QUENDAS	DATA INICIO	DATA FINALIZACIÓN
1ª	25-06-2018	29-06-2018
2ª	02-07-2018	06-07-2018
3ª	09-07-2018	13-07-2018
4ª	16-07-2018	20-07-2018
5ª	23-07-2018	30-07-2018

(Excluídos festivos)

Só se concederá unha quenda por participante salvo que existan prazas vacantes noutras quendas, e cubriranse coa mesma prioridade de orde de inscrición.



<b>CONCELLO DE NARÓN</b>	
SOLICITUDE DE CONCILIAESCOLA	
<b>ANEXO II (S-SOC-01) INFORMACIÓN</b>	

### Horario:

Horario 1: de 07:30 a 14:00 h (transporte só de volta)

Horario 2: de 09 a 14:00 h (transporte de ida e volta)

Horario autobús IDA: concretarase antes do inicio da actividade en función das paradas solicitadas. Horario autobús VOLTA: saída ás 14:00 h.

### Paradas do autobús: o autobús recollerá e deixará os/as nenos/as, nos seguintes lugares:

A Gándara: Casa da Mocidade  
Alto: Casa do Concello  
San Mateo: centro cívico social  
A Solaina: polideportivo Campo da Serra  
O Val: cooperativa  
Piñeiros: centro cívico social  
San Xiao: Pazo Libunca  
Xuvia: praza do Colexio  
Castro: O Paraxe  
Pedroso: igrexa  
Sedes: centro cívico  
Doso: igrexa

O Concello facilitará o servizo de transporte cando exista unha demanda para a súa utilización mínima de 10 participantes. Tal circunstancia será comunicada oportunamente ás familias cunha antelación suficiente.

### Información sobre o uso da imaxe:

Co fin de lograr a difusión efectiva desta actividade para vindeiras convocatorias e co obxectivo de garantir a transparencia, a eficacia e a eficiencia na organización e xestión pública (artigo 2.b da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega), de proporcionar e difundir información constante, veraz, obxectiva e clara sobre a actuación do sector público (2.c), recolleranse experiencias e mesmo fotografías das instalacións e das persoas participantes que poderán ser empregadas para noticias contidas en xornais, publicacións e mesmo divulgadas tanto a través de servizos da sociedade da información como en páxinas web do Concello de Narón.

**Para estes efectos, a presentación da solicitude de participación implica a autorización para a publicación destas imaxes.**

### Prezos:

Os prezos de aplicación para cada quenda desta actividade aparecen detallados na ordenanza fiscal nº 15 (8,15€ participante/quenda).